

MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL E MEMORIA DEMOCRÁTICA
Subcomisión Paritaria dependiente da Comisión Paritaria

05/05/2026

Este 5 de maio tivo lugar a **Subcomisión Paritaria dependiente da Comisión Paritaria, ratifícase o acordo de vestiario e uniformidade**, onde o punto máis importante foi a información da situación dos procesos selectivos das taxas adicionais para a xubilación parcial e a información que a Dirección Xeral de Función Pública facilitou de como ían ser os procedementos de solicitude da xubilación parcial.

Segundo información facilitada o proceso desenvolveríase do seguinte xeito:

1. Inicio tras resolucións dos procesos selectivos

O sistema activarase unha vez se publiquen as resolucións de adxudicación dos procesos selectivos en curso. Segundo indicaron, hai arredor de nove ministerios con convocatorias suficientemente avanzadas como para resolver durante o mes de maio.

2. Carga de datos en SICPE

Os ministerios deberán introducir no sistema SICPE as persoas adxudicatarias dos postos.

3. Solicitude da xubilación parcial

O persoal laboral fixo interesado deberá presentar a súa solicitude **obrigatoriamente a través de SICPE**, o que supón repetir trámites para quen xa iniciara o proceso por outras vías.

4. Petición de vinculación relevista-xubilado

Unha vez presentada a solicitude, o ministerio correspondente solicitará a Función Pública a vinculación entre a persoa que accede á xubilación parcial e o relevista.

5. Validación da vinculación

Función Pública determinará se ambos pertencen ao mesmo ámbito ou a ámbitos distintos, e comunicará a vinculación establecida.

6. Execución simultánea

Esixirase coordinación entre departamentos para formalizar ao mesmo tempo:

- O contrato da persoa relevista
- A novación do contrato da persoa xubilada parcial

Como **CIG** non entendemos que aínda a día de hoxe non haxa aínda unhas instrucións claras.

Galiza, 05 de maio de 2026